


Proxecto COMEDORES ESCOLARES



ÍNDICE

1. OBXETIVOS

- Educación para a saúde**
- Educación para a convivencia**
- Educación para o lecer**

2. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

3. NORMAS DE CONVIVENCIA

- Hixiene**
- Organización e comportamento**
- Alimentación**
- Tempo de lecer**

4. FALTAS E SANCIÓN

- Faltas leves e sancións**
- Faltas graves e sancións**
- Faltas moi graves e sancións**

1. OBXETIVOS

O Comedor Escolar é un servizo educativo complementario que debe atender á consecución dos seguintes obxetivos:

1. Educación para a Saúde:

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base de unha correcta Educación para a Saúde.
- Poñer en práctica normas hixiénicas e sanitarias.
- Iniciarse en gustos variados e na inxesta de todo tipo de alimentos.
- Manter posturas correctas na mesa.
- Desenvolver hábitos no uso adecuado dos utensilios relacionados coa comida.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
- Interesar ás familias nos beneficios que poidan obterse dunha colaboración conxunta cos responsables do comedor, tanto no referido á saúde do neno/a como á súa educación nutricional.
- Concienciar ás familias nos patróns de conduta adquiridos no comedor e na importancia de continuar cos mesmos na casa.

2. Educación para a Convivencia:

- Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.

- Despertar nos nenos/as o espírito de cooperación, implicándoos segundo as súas posibilidades, en tarefas de servizo de comedor: poñer e quitar os pratos, axudar aos máis pequenos.
- Fomentar o compañerismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara os demais.
- Lograr un comportamento correcto na mesa.
- Lograr un ambiente sen moito ruído, evitando gritos e dialogando de forma relaxada.
- Coidar e respetar os locais, mobles, enseres e utensilios de uso comunitario.

3. Educación para o Lecer:

- Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo de lecer.
- Planificar actividades de lecer e tempo libre que contribúan ao desenvolvemento armónico da personalidade e ao fomento de hábitos sociais e culturais.



2. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

- 1.O Comedor Escolar comezará o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño.
2. O número máximo de prazas de Comedor fixarase según a capacidade do mesmo.
3. Todos aqueles que precisen o servizo de Comedor teñen que poñerse en contacto telefónico ou persoalmente coa persoa responsable do servizo, que será o director do centro, ou nalgúns casos a persoa responsable posta pola empresa.
- 4.Se cubrirá unha ficha individual para cada neno/a onde se deixará por escrito os datos persoais, teléfonos de contacto, existencia de enfermidades ou alerxias alimentarias, días de uso do Comedor e persoas autorizadas para a recollida (con DNI).
5. O uso do Comedor pode ser como comensal habitual ou como comensal esporádico.
6. Como comensal habitual o pago mensual efectuarase por adiantado, na primeira semana do mes correspondente, mediante domiciliación bancaria, para o que será necesario que nos faciliten os datos da conta na que se cargarán os recibos. Para elo facilitaremoslles un impreso onde nos firmarán o consentimento.
7. Os comensais esporádicos aboarán o pago do uso do servizo de Comedor no mesmo día que o utilicen. Se lles dará un xustificante de pago no momento de facelo.

8. Cando o recibo que se pase ao banco sexa devolto por impago a forma de proceder será a seguinte: dende a empresa ou dirección do colexio poñerémonos en contacto coa familia e se darán 3 días para o pago do recibo, cobrando os gastos que nos ocasione esa devolución. Se en 3 días non se abona de novo o recibo, o neno/a será dado de baixa do comedor.
9. O día que o rapaz non poida asistir ao Comedor, se avisará SEMPRE e unicamente á responsable do servizo de comedor, sempre que poida con 24 horas ou antes das 9 da mañá do mesmo día.
10. Só se descontará os días de enfermidade ou non asistencia ao Comedor cando a ausencia sexa superior a 3 días e con xustificante médico.
11. O horario do Comedor será establecido por cada centro.
12. Se os nenos/as usuarios do Comedor teñen unha actividade no Centro que comece ás 16:00, as monitoras do Comedor levaranos á mesma. Pero a recollida nesa actividade será responsabilidade das familias. A asistencia a esa actividade terá que ser comunicada á responsable do Comedor.
13. O menú é único para todos os comensais. Se algún neno/a ten algunha intolerancia, alerxia, etc. disporase de menús específicos e individualizados, achegando informe médico das intolerancias ou alerxias.
14. En ningún caso se administrarán medicamento aos rapaces. En caso necesario, se facilitará a asistencia de pais/nais/titores legais/responsables acreditados para a toma de ese medicamento. Para elo deben comunicar esta necesidade.
15. Cada alumno disporá dunha bolsa de aseo con cepillo de dentes, pasta, un vaso de plástico e unha toalla de mans individual e para os de Educ. Infantil un mandilón opcional .

16. Todos os nenos/as deben respetar as Normas de Funcionamento e de Convivencia do Comedor: aseo, entrada, conduta e hábitos de comida.

17. O incumprimento destas Normas pode chegar a supoñer a baixa do Servizo de Comedor de forma temporal ou definitiva.

18. Para calquer tema relacionado co Comedor, deben poñerse en contacto coa responsable do mesmo: persoalmente, no teléfono 610432514.

3. NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR

Hixiene:

-Cando os rapaces chegan ao Comedor deixarán as carteiras, mochilas e obxectos persoais nos percheiros ou nos lugares habilitados para elo, segundo as instrucións das monitoras.

-Todos lavarán as mans antes de sentarse á mesa.

-Poñerase especial coidado na correcta utilización dos cubertos, así como no uso da servilleta.

-Non se pode tirar auga, pan ou restos de comida ao chan nin a outros compañeiros.

-Despois de comer, en antes de ir xogar ou saír ao patio, todos os nenos/as lavarán os dentes e as mans, acompañados das monitoras.

-Ninguén se levantará da mesa ata que as monitoras o manden.

Organización e comportamento:

- Os alumnos de Educ. Infantil serán recollidos na aula pola monitora do Comedor ou acompañados polas súas mestras ata a porta do Comedor, que queda dentro do mesmo edificio onde se atopan as súas aulas.
- Os alumnos de Educ. Primaria serán recollidos nas aulas polo Director do Centro Educativo e todos se xuntarán nun Punto de Encontro cos monitora do Comedor que os acompañará dende o edificio de Primaria ata o edificio do Comedor.
- A entrada no Comedor farase con orden, tranquilidade, sen correr, sen empuxar aos compañeiros e sen berrar.
- Os rapaces sentaranse nos lugares que lle serán asignados polas monitoras, baixo o seu criterio e procurando o bo funcionamento do comedor.
- Deberase respetar todo o material e utensilios, sendo os rapaces responsables do seu deterioro por mal uso.
- Deberán permanecer correctamente sentados en todo momento, sen xogar nin balancearse na cadeira nin levantarse do sitio. Para chamar ás monitoras, deberán facelo levantando a man ata ser atendidos.
- É moi importante comer nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que nunca se dirixirán aos demais berrando, senón falando nun tono de voz adecuado.
- Están abrigados a respetar ao persoal do Comedor en todo momento, obedecerlles e seguir as súas indicacións.

Tempo de lecer:

- Os xogos serán establecidos polas monitoras en forma e tempo.
- Sairán ao patio SEMPRE acompañados dunha monitora. En ningún momento haberá nenos/as sos no patio. A monitora estará sempre presente independentemente da idade do rapaz.
- Ningún neno poderá saír ao patio sen permiso nin compañía da monitora.
- Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose por elo aqueles que poidan por en perigo a integridade física do resto dos alumnos.
- As monitoras decidirán se un neno/a pode saír ao patio ou non en función do seu comportamento.



4. FALTAS E SANCIONES

1. Faltas leves:

Considéranse Faltas leves:

- Desobedecer levemente as indicacións do persoal do Comedor.
- Non lavarse as mans ou os dentes.
- Entrar ou saír do Comedor desordenadamente.
- Cambiar de sitio sen permiso.
- Levantarse sen permiso.
- Permanecer mal sentado ou columpiarse na cadeira.
- Facer ruído e berrar.
- Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

Sancións:

- Amoestación verbal ao neno/a. En caso de reiteración, comunicación verbal e por escrito aos pais.
- Cambio de sitio na mesa.
- Perdida do dereito a saír ao patio e participar en xogos ou actividades de lecer.
- Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.

2. Faltas graves:

Considéranse Faltas graves:

- Acumulación de 3 faltas leves.
- Desobedecer gravemente as indicacións do persoal de Comedor.

- Saír do Comedor sen permiso da monitora.
- Deteriorar a propósito o material propio do Comedor.
- Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outros compañeiros.
- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

Sancións:

- Calquera das contempladas para as faltas leves e ademais:
- Amoestación por escrito ao neno/a e á familia.
- Separación permanente do grupo ou da súa mesa do Comedor.
- Comer aislado dos compañeiros. (ata 5 días)
- Expulsión temporal do Comedor. (ata 5 días)

3. Faltas moi graves:

Considéranse Faltas moi graves:

- Acumulación de 3 faltas graves.
- Saír do Centro sen permiso durante o horario de Comedor.
- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

Sancións:

- Calquera das contempladas para as faltas graves, e ademais:
- Expulsión temporal do Comedor (de 5 días ata 1 mes)
- Expulsión definitiva do Comedor.